



## Paseo por Cabo Estai

Sábado 17 marzo 2018 de 10:45 a 12:15

Para nenos e adultos

A actividade en Cabo Estai presenta tres puntos de interese.

-O primeiro é a perspectiva paisaxística pois a zona, a diferenza doutras de Vigo, amosa un medio costeiro aberto (sen perigo para as persoas, ao transitarmos por un camiño e observarmos as imaxes desde certa perspectiva).

-Logo, na primeira parte, entre as rochas de Cabo Estai é doado atoparmos lesmas de mar, ourizos, estrelas de mar, anémones, actinias, poliquetos, ascidias...; unha boa parte dos animais da intermareal; nós, ademais levaremos, nunhas caixiñas, ovos de raia, de pintarroxa, algún cabaliño de mar desecado, e diverso material que complementa a información da que nos forneza a zona rochosa.

-O remate será na praia da Buraca e alí, traballaremos coas persoíñas, os caderniños que lles daremos, para pechar a actividade.

Estivemos a observar as preamares e baixamares e cadra perfectamente coa data. A baixamar dáse ás 10h. A actividade é linda e gustará moito.

O punto de encontro, é, vindo desde Vigo, o remate da rúa do Arquitecto Antonio Cominges. Alí hai uns aparcadoiros en forma de batería.

<https://www.google.com/maps/dir/42.1875942,-8.8128814/42.1875306,-8.8128867/@42.1875237,-8.8128855,18z/data=!4m2!4m1!3e0>

**//Afundación**